

**Igrexa de San Pedro de Alperiz:** 7 (42°42'36.2"N 8°01'50.5"W)

As súas características sitúan a súa orixe no románico avanzado, posiblemente xa no S.XIII. A ábsida orixinal foi substituída xunto coa espadana no S.XVIII. A pesa destes engadidos conserva o carácter propio do románico rural galego.

**Sarcófago de Alperiz:** 8 (42°42'28.4"N 8°01'53.3"W)

Os sarcófagos de pedra eran destinados a persoas podentes, no período entre a Idade Media e o S.XVIII. O bloque de granito era labrado polos canteiros coa silueta humana e despois trasladábase ao lugar definitivo, no interior ou no atrio da igrexa, onde se remataba o traballo. Neste en particular chama a atención o tamaño do seu usuario, un metro noventa de altura, algo pouco habitual na época. Ao perder a súa utilidade, o sartego debeu desprazarse do seu emprazamento orixinal na igrexa próxima de San Pedro, e acabou como bebedeiro para os animais.

**Igrexa de Santa María de Parada:** 9 (42°43'17.4"N 8°01'52.2"W)

Igrexa barroca construída no ano 1750, aínda que a torre foi rematada no 1941. Ao parecer, a igrexa primitiva estaba emprazada no castro próximo pero foi trasladada e reconstruída con cargo aos fondos dos irmáns Andrés e Matías da poderosa Casa do Val. Don Matías, eclesiástico coñecido coma "O indiano", foi inquisidor xeral de Indias e fixera fortuna en América. Parte desa fortuna usouna para a construción do pazo, a igrexa, e a posta en marcha dunha pesqueira no río Arnego, da que se conservan algúns restos.

**Ponte dos Cabalos:** 10 11 (42°43'34.7"N 8°01'33.3"W)

Esta fermosa ponte de pedra que é un dos monumentos máis antigos da bisbarra é a única que queda en pé das seis construídas na Idade Media e que enlazaban Deza con Antas de Ulla. Construída no ano 970 sobre o río Arnego tamén era coñecida como "ponte do portádego" xa que cumpría pagar un imposto para cruzala, para esta fin había unha pedra que estaba no lugar de Parada, este nome designa todos aqueles lugares ao longo dos camiños onde se cobraba a "parata", o que viña sendo unha aduana. Conta con dous arcos de medio punto sobre os que se apoia o taboleiro de grandes laxes. A súa contorna é un lugar de grande beleza no que podemos gozar dunha fermosa vexetación de ribeira e pola que paga a pena dar un paseo río arriba, onde o río Arnego forma varias insuas.

**Parada:** 12 (42°43'39.0"N 8°02'06.8"W)

Esta zona de Lalín foi berce de moitos e bos canteiros, e no lugar de Parada tamén podemos ver moi bos exemplos da arquitectura tradicional. O lugar está gardado polo impresionante castro (42°43'36.9"N 8°01'54.2"W) que se atopa xusto antes de entrar no lugar.

Aínda que inaccesible e cuberto de vexetación, o seu emprazamento á beira dun precipicio que dá ao río Arnego permítenos intuír o seu extraordinario valor defensivo.

**Cadrón:** 13 (42°44'32.0"N 8°03'28.5"W)

En Cadrón tamén podemos apreciar a maña dos que traballaron a pedra coas súas mans. Hai unha boa mostra de casas, cruceiros, e exemplares de hórreos con corredor, tipoloxía non moi común no municipio. O lugar do Castelo (42°44'22.5"N 8°04'11.8"W) tamén merece unha parada para apreciar a súa arquitectura e o seu pan.

**Moimenta:** 14 (42°43'46.4"N 8°03'58.9"W)

Parroquia con sona de bo pan onde podemos facer un descanso. Fálase que houbo en Moimenta unha fortificación chamada a torre da Valouta. A súa igrexa foi edificada no século XVIII. Flanqueando o seu campanario barroco hai dúas esculturas de pedra engadidas a principios do S.XX. Destaca no lugar un cruceiro con un inusitado alto varal rematado cunha cruz de ferro.

**Igrexa de San Miguel de Goiás:** 15 (42°40'51.0"N 8°05'29.3"W)




Esta atípica igrexa, construída no S.XII, conserva a esencia propia dos templos románicos galegos. As dúas capelas renacentistas anexas, dos séculos XVI-XVII, realzan este carácter nunha curiosa combinación de estilos arquitectónicos.

Consta dunha soa nave recta rematada nunha ábsida semicircular. Na fachada occidental, dous interesantes arcos cegos flanquean a portada, coroada dun fermoso campanario. No muro sur ábrese unha porta lateral cunha arquivolta e tímpano decorado con cinco pequenos arcos. A ábsida está dividida en tres tramos por columnas que chegan até a cornixa, en cada tramo ábrese unha ventá seteira dunha arquivolta decorada con bólas. A parte superior é unha ampliación posterior.

A construción anexa ao muro sur foi capela funeraria dos Salgado-Gundín, e hai varios sepulcros desta liñaxe do pazo de García-Sánchez, un deles con estatua orante. O escudo de armas da familia pódese ver no exterior da mesma. A capela do lado oposto tamén ten orixe señorial, como reflicte o escudo de armas no que se ven os brasóns de varias das familias máis representativas da comarca. No seu interior estivo situado o sepulcro con estatua xacente dun cabaleiro da casa de Beilás, que actualmente se atopa na nave central. Na contorna da igrexa podemos admirar dous cruceiros de fermosa factura.

**Distancia aproximada de percorrido:** 38 km en coche. 3,6 km a pé.

**Tempo orientativo do percorrido:** 4 h (incluídos desprazamentos e visitas).



Lalín,  
un interior  
único



Concello de Lalín  
Concellería de Turismo  
turismo.lalin.gal

Deseño: Imprenta Marcaxe

Depósito Legal: PO 179-2018

PERCORRIDOS

PEDRA E TEMPO

10

11

3

4

15

8

# PEDRA E TEMPO

Propoñémoslle un percorrido a través de milleiros de anos no que poderá ver a relación que sempre tivemos coa pedra, dende o período megalítico en que a falla de ferramenta se suplía con forza e maña, até o pasado recente no que os canteiros traballaron as pedras para construír casas e edificacións de uso diario. Atoparemos construcións sobrias e funcionais, mais tamén obras de arte labradas nas fachadas das igrexas, en cruceiros, e en petos de ánimas.

Recomendámoslle que vaia devagar, non só porque iremos por pistas rurais nas que podemos cruzarnos con gando ou vehículos agrícolas, senón porque a paisaxe é parte imprescindible deste percorrido e convén estar atentos aos pequenos detalles que nos ofrece. Un hórreo alí abaixo, un cruceiro á beira da estrada, unha casa de feitura tradicional aí enriba...

A paisaxe que imos percorrer é a dunha terra que ten na gandería a súa fonte de riqueza. Unha paisaxe de praderías delimitadas por cerramentos utilizados dende sempre en Galiza para separar as leiras; de lousas, de cachotaría en seco, reforzados, mixtos...; tamén pasaremos entre árbores autóctonas e gozaremos do frescor dos bosques de ribeira. Partindo de Lalín, na rotonda da rúa Areal, tomamos a N-640 dirección Lugo. A 4 km á dereita collemos en dirección á Veiga. Tras percorrer uns 2 km, xusto antes de entrar nese lugar, nun cruzamento de camiños a man dereita atopamos un peto de ánimas. Despois de contemplalo continuamos ata chegar á igrexa e ao seu cruceiro. 200 metros máis adiante, á dereita, cruzamos o Rego da Veiga pola pequena ponte, seguimos por Carballeda e ao chegar á estrada EP-6010 incorporámonos a man dereita, seguímola uns 2,7 km até chegar ao desvío que indica Alperiz. Alí mesmo atopamos a “Mámoa do Cruce”, 40 m máis adiante, á dereita, a mámoa coñecida como “Altar do Sol”, e a 100 m, na marxe esquerda da estrada a “Mámoa da Cruz”.

Dende este punto, para achegarnos ao lugar de Alperiz podemos ir dando un paseo ou levar o coche até a pequena praza no medio da aldea. Despois de visitar a igrexa e o

sartego volvemos ao cruzamento para continuar pola EP-6010 uns 450 m até o desvío a Parada. Percorremos 900 m ata chegar á igrexa. Deixamos alí o coche e andados uns 80 m, á dereita, tomamos o camiño que despois de menos de 1 km nos leva até a Ponte dos Cabalos.

Despois de visitar a ponte e a súa contorna, seguimos a nosa ruta en coche cara a Cadrón, que se atopa a 3 km. Pasaremos polo lugar de Parada e máis adiante á nosa dereita quedará Lamas, no que hai un exemplar de hórreo con corredor. A pista continúa entre arborado autóctono. Abandonámola á dereita para chegar ao lugar de Cadrón.

Finalizada a visita a Cadrón incorporámonos á N-640 de volta a Lalín seguindo o pequeno tramo de vía que vai paralela á estrada, á nosa esquerda. Unha vez en ruta, podemos parar no Castelo ou en Moimenta, e ademais de gozar do seu patrimonio, aproveitar para tomar un refrixerio e comprar o seu afamado pan.

Para completar a visita, xusto antes de chegar a Lalín podemos parar en Goiás, a súa igrexa e cruceiros forman un conxunto dos máis fermosos do concello.

### **Peto de ánimas de A Veiga:** ① (42°41'56.2"N 8°03'44.1"W)

Os petos de ánimas, ao igual que os cruceiros, aparecen a partir do S.XVII e con maior profusión do S.XVIII en adiante. Servían para interceder polas ánimas do purgatorio mediante esmolos, monetarias ou en especie. Segundo as crenzas católicas estas esmolos servían para que as ánimas do purgatorio accedieran con maior rapidez ao Paraíso. Ademais de ser un xeito de piedade, agardábase que as ánimas, unha vez no Ceo, intercederan polo oferente.

A pesar de seren relativamente abundosos en Galiza, este peto é o único que se conserva no concello de Lalín, sendo ademais o único coñecido dos chamados “Eucarísticos”, que teñen como representación gráfica no retablo a hostia e mailo cáliz e non a habitual das ánimas ardendo no purgatorio.

### **Cruceiro e igrexa de San Ramón da Veiga:** ② (42°42'19.6"N 8°03'50.4"W)

A igrexa da Veiga ocupa o lugar da primitiva capela dedicada a San Ramón, patrón da parroquia, da que se conserva a pia bautismal e parte dun altar. A actual conxuga o estilo neoclásico da fachada co barroco do campanario. Segue a celebrarse no último día de agosto a tradicional romaría na que antigamente as mulleres preñadas acudían en busca do favor do santo para levar a bo termo o seu embarazo.

Enfronte da igrexa podemos ver un fermoso cruceiro que data de 1885. Ten plataforma dun só chanzo sobre o cal se ergue o pedestal cúbico con inscrición na que aparece o nome do autor, Francisco Otero; isto é moi curioso xa que os canteiros non empezan a firmar as súas obras até o S.XX. Tamén ten esculpidas unha caveira en cada esquina, un dragón, un martelo e a coroa de espiñas. O capitel está decorado con ramallos sobre os que hai cabezas de anxos nas que se sustenta unha peaña da que sae a cruz, con imaxe de Cristo co cartel de INRI no anverso, e da Virxe no reverso.

### **Mámoas da Cruz:** ③

As mámoas son construcións megalíticas moi abundantes en Galiza. Construídas no período Neolítico (entre o VI e o II milenio a. de C.), están formadas por un dolmen (conxunto de lousas verticais chamadas ortostatos, sobre os que repousa unha pedra de gran tamaño, a tapa) e cubertas de terra formando un montículo no terreo. Case a totalidade foron espoliadas para aproveitar as lousas ou para recuperar supostos tesouros existentes no seu interior a raíz da “febre do ouro” creada pola cédula real concedida a Vázquez de Orzas en 1609. Porén os tesouros das mámoas eran sobre todo obxectos de pedra, óso, cerámica, etc, que non interesaban aos saqueadores.

As mámoas tiñan fins funerarios e acostumaban estar agrupadas en necrópoles. As da Cruz formaban parte dun conxunto de sete, das que na actualidade só se conservan tres.

A **Mámoa do Cruce** ④ (42°42'51.5"N 8°01'59.2"W) Chamada así por estar na intersección de entrada a Alperiz. Consérvanse cinco esteos, só un deles enteiro. É precisamente este o que ten gran interese polos seus gravados serpentiformes. Aínda que pinturas non son infrecuentes nos dolmens, os gravados son moi pouco abundosos. Durante os traballos realizados no ano 2016 atopouse un xerro de cerámica enteiro, algo tamén infrecuente, e que foi colocado no túmulo na idade do bronce, aproximadamente 2000 anos antes de Cristo.

A coñecida como **Altar do Sol** ⑤ (42°42'52.5"N 8°01'56.6"W) correspóndese cun recinto pechado formado por sete esteos e presidido por unha gran pedra con dous rebaxes en forma de círculo orientado cara ao nacente e que recordan o disco solar, de aí o seu nome. O que hoxe podemos ver permite facernos unha idea do que foi no seu estado orixinario. Era un dolmen de notables dimensións que ademais contaba cun corredor de entrada. Crese que o conxunto tumulario completo tería 2,5 metros de alto e 30 de diámetro. Foi declarado BIC como monumento histórico artístico en 1974.

Na **Mámoa da Cruz** (42°42'55.4"N 8°01'58.7"W) pódese apreciar perfectamente o túmulo de terra, albiscar os cinco esteos que sobresaen da cámara e a tapa algo desprazada. Nesta hai un oco no que se cre que puido haber chantada unha cruz, de aí o seu nome. Foi recoñecida polo departamento de Cultura da Xunta de Galicia en 2011.

### **Lugar de Alperiz:** ⑥ (42°42'34.2"N 8°01'55.0"W)

San Pedro de Alperiz pertence eclesiasticamente á parroquia de Parada dende 1891, non obstante conserva o seu carácter e é considerada unha parroquia independente dende o punto de vista “social”. O lugar de Alperiz mantén un bo número de construcións en pedra, e paga a pena visitalo polo seu carácter tradicional. Os seus habitantes poden sentirse orgullosos da excelente conservación destas construcións sobrias e ben feitas.



13



6



7



1



5



2